

ANUNCIO

O Alcalde o día 09/07/2024, ditou a seguinte Resolución con número 468/2024 que deseguido lle notifico:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DO TRIBUNAL DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE GUITARRA DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OEP PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022 LOGO DA ESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN

EXPEDIENTE: 2024/G003/000421

ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución nº 329/2024 de data 14/05/2024 e asunto: “Resolución recursos de alzada interpostos por Francisco Javier García Galán e Miguel Emilio Santalices Blanco contra a “acta de valoración de méritos do Tribunal de 1 praza de profesor de guitarra da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022” do 20/12/2023”, na que se acorda:

“**PRIMEIRO:** Estimar o recurso de alzada interposto por Francisco Javier García Galán en data 03/01/2024 (registro de entrada núm. 202490000000015) contra a “acta de valoración de méritos do tribunal de 1 praza de profesor de guitarra da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022” do 20.12.2023 e, en consecuencia outorgarlle un prazo de emenda de 10 días hábiles para que o interesado achegue as certificacións dos servizos prestados que resultan dos contratos de traballo achegados xunto coa instancia de participación, sen prexuízo da valoración e conseguinte puntuación que merezan, o que lle corresponde realizar ao tribunal do proceso selectivo (artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

“**SEGUNDO:** Desestimar o recurso de alzada interposto por Miguel Emilio Santalices Blanco o día 24/01/2024 (registro de entrada núm. 2024900000000101) contra a “acta de valoración de méritos do tribunal de 1 praza de profesor de guitarra da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022” do 20.12.2023.

“**TERCEIRO:** Levantar a suspensión operada por motivo do transcurso de un mes desde a solicitude de suspensión interesada por Francisco Javier García Galán no seu escrito de recurso sen que se ditase resolución expresa ao respecto (art. 117.2 Lei 39/2015). (...)”.

Logo de ver que o anterior Decreto foi notificado a Francisco Javier García Galán por correo postal en data 21/05/2024 (registro de saída núm. 202400000001534 e acuse de recibo con entrada núm. 20240000000206 de data 24/05/2024) e a Miguel Emilio Santalices, vía telemática, en data 14/05/2024 (registro de saída núm.

202400000001532) e publicado na sede electrónica do Concello de Melide en data 14/05/2024.

Logo de ver o certificado do rexistro de entradas e saídas do Concello de Melide de data 05/06/2024 no que se di o seguinte:

“En relación á resolución que leva por asunto: Resolución recursos de alzada interpostos por Francisco Javier García Galán e Miguel Emilio Santalices Blanco contra a “Acta de valoración de méritos do tribunal de 1 praza de profesor de guitarra da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022” do 20.12.2023, na que se estima o recurso de alzada interposto por Francisco Javier García Galán e se lle da un prazo de emenda de dez días hábiles para que o interesado achegue as certificacións dos servizos prestados que resultan dos contratos de traballo achegados xunto coa instancia.

- Francisco Javier García Galán (Rexistro de saída 1534 de data 14/05/2024 – Aceptada polo usuario o 21/05/2024). O prazo de emenda rematou o 3 de xuño de 2024.

Logo de consultar os Rexistros municipais, CERTIFICO que salvo erro ou omisión involuntaria, non foi recibida documentación nos Rexistros deste Concello ou a través do procedemento previsto no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Non obstante, con data 15 de abril de 2024, o interesado achega documentación para anexar ao recurso de alzado presentado con anterioridade contra a resolución do expediente 2024/G003/000231, segundo se indica a continuación:

Número de rexistro	Data de rexistro	Interesados	Resume
202490000001303	15-04-2024 14:12:37	FCO. JAVIER GARCIA GALAN - N: 78630833C - trecool37@hotmail.com 670868909	APORTACION DE DOCUMENTACION PARA ANEXAR AL RECURSO DE ALZADA PRESENTADO ANTERIORMENTE CONTRA LA RESOLUCION DEL EXP. 2024/G003/000231

”

Logo de ver as Bases xerais e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal, publicadas na sede electrónica do Concello de Melide en data 23/12/2022, no BOP de A Coruña o 29/12/2022.

Logo de ver a Resolución nº 661/2024 de data 23/11/2024 e asunto: “Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura das prazas incluídas na OEP para a estabilización do emprego temporal, profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música”, publicada no BOP nº 228 de data 29/11/2024, no que se acordaba entre outros o seguinte:

“(…) SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

PRESIDENTA/E: María de la Paz Pita Vázquez (catedrática do Conservatorio Superior da Coruña). Suplente: Narciso Francisco Pillo Guerreiro (catedrático do Conservatorio Superior da Coruña)

SECRETARIA/O: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo do Concello de Melide). Suplente: Javier Siro Suárez Rodríguez (interventor xeral do Concello de Ordes)

VOGAIS:

** Nilo Jesús García Armas (profesor do Conservatorio profesional da Coruña). Suplente: Eva María Aguiar Mosteiro (profesora de música do conservatorio profesional da Coruña)*

** María Teresa Buján Mosquera (interventora xeral do Concello de Melide). Suplente Javier Anido Vázquez (técnico de xestión económica financeira do Concello de Melide)*

**Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín (...))*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Convocar ao Tribunal para o **xoves día 18 de xullo ás 11:00 horas** na casa do Concello de Melide para proceder á valoración da documentación achegada por FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN con relación aos servizos prestados que resultan dos contratos de traballo que achegou xunto coa instancia de participación no proceso de selección, e formular nova puntuación dos/as candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida e proposta para a provisión de praza e constitución da bolsa de emprego.

SEGUNDO: Aos efectos anteriores, remítase ao Tribunal a seguinte documentación:

- Decreto de Alcaldía núm. 329/2024 de data 14/05/2024 e asunto “RESOLUCIÓN RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS POR FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN E MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO CONTRA A “ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO TRIBUNAL DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE GUITARRA DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OEP PARA A ESTABLIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022” DO 20.12.2023”
- Recurso de alzada presentado por FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN o día 03/01/2024 coa documentación anexa (registro de entrada núm. 202490000000015).
- Instancia e documentación anexa presentada por Francisco Javier García Galán en data 15.05.2024 (registro de entrada núm. 202490000001303).

TERCERO: Publicar a presente resolución na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, martes 9 de xullo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 10 de xullo de 2024. Asdo: A secretaria xeral / Jesús Manuel Cea Vázquez.